

CICLO DE CONFERENCIAS

DESAFÍOS POLÍTICOS EN EUROPA EN 2014

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
13, 20, 25 E 27 DE FEBREIRO DE 2014



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

As transformacións políticas de finais do século XX están a redefinir o papel dos suxeitos políticos na Unión Europea. Isto unido á crise económica, ós novos liderados e ás convulsas relacións norte-sur fan albiscar cambios no vixente modelo europeo. Móvense os marcos e cómpre atender os seus efectos. Neste sentido, o ano 2014 presenta dúas datas sinaladas que supoñen grandes desafíos políticos en Europa. O 18 de setembro está previsto que se realice o referendo en que se decidirá se Escocia opta por se constituír como estado independente. O 9 de novembro é a data escollida pola Generalitat de Catalunya para a consulta sobre a independencia de Catalunya. Ambas as dúas convocatorias ofrecen grandes retos para o devir de Europa a nivel económico, político, cultural e social.

A Sección de Pensamento e Sociedade do Consello da Cultura Galega presenta o ciclo *Desafíos políticos en Europa en 2014*, no que diferentes expertos debullarán polo miúdo estes procesos soberanistas, as ameazas e oportunidades económicas do novo contexto, o debate sobre os distintos modelos de Estado, os marcos lexislativos e as consecuencias que para Galicia terán todos estes retos.

PROGRAMA

Xoves, 13 de febreiro ás 17:00 h

O ESTADO E A CRISE ECONÓMICA ACTUAL

LUÍS CARAMÉS, catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela

BALANCE E PERSPECTIVAS COMPETITIVAS DE GALICIA NA UE

ALBINO PRADA, profesor de Economía da Universidade de Vigo
Presenta: XAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA

Xoves, 20 de febreiro ás 17:00 h

A INDEPENDENCIA DE ESCOCIA

MICHAEL KEATING, catedrático de Políticas da Universidade de Aberdeen (Escocia). É actualmente ESRC Senior Fellow on the Future of the UK and Scotland programme. Director do ESRC Scottish Centre on Constitutional Change (www.futureukandscotland.ac.uk/sccc). Autor, entre outros moitos, de *La Independencia de Escocia* (Publicaciones de la Universidad de Valencia, 2012).

Presenta: ANTÓN BAAMONDE

Martes, 25 de febreiro ás 17:00 h

A CONSULTA SOBRE O FUTURO POLÍTICO DE CATALUNYA E O CHAMADO “DEREITO A DECIDIR”

CARLES VIVER PI-SUNYER, catedrático de Dereito Constitucional na Universidade Pompeu Fabra, director do Instituto de Estudios Autonómicos da Generalitat de Catalunya desde 2004 e presidente do Consell Assessor per a la Transició Nacional desde 2013

Presenta: FRANCISCO CAAMAÑO

Xoves, 27 de febreiro ás 17:00 h

COOPERACIÓN E COMPETICIÓN NO FEDERALISMO CONTEMPORÁNEO

RAMÓN MÁIZ, catedrático de Ciencia Política da Universidade de Santiago de Compostela

REFORMAR A CONSTITUCIÓN, E AGORA QUE?

JAVIER PÉREZ ROYO, catedrático de Dereito Constitucional da Universidad de Sevilla

Presenta: MANUEL M. BARREIRO

ORGANIZA:
SECCIÓN DE PENSAMENTO E SOCIEDADE DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

COORDINA:
ANTÓN BAAMONDE

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

Inscrición:

A inscrición é gratuita no sitio web www.consellodacultura.org
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Só se garantirá a distribución de material divulgativo impreso ás persoas previamente inscritas na actividade.

Máis información:

www.consellodacultura.org
difusion@consellodacultura.org
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.org/mediateca>



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

Pazo de Raxoi, 2º andar.
Praza do Obradoiro, s/n.
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205